



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22 DE NOVEMBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00052271G.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as seguintes actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria-urxente de data 15 de outubro de 2021.
- Ordinaria de data 18 de outubro de 2021.
- Extraordinaria-urxente de data 20 de outubro de 2021.
- Extraordinaria-urxente de data 21 de outubro de 2021.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00024093R.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico de construción dunha vivenda unifamiliar illada na Rúa Pequena, 13 Santiago de Compostela (A Coruña); cun orzamento de execución material de 165.460,00 euros.

4. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/288/2020.

Modificación de licenza de obra nova para construír nave destinada a supermercado na Rúa de Malta, 1.

Acórdase:

Primeiro: Conceder a ALDI SUPERMERCADOS S.L., modificación licenza de OBRA NOVA para construción de nave destinada a supermercado, na RÚA MALTA, 1-, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/04/2021 consonte Proxecto básico e de execución co visado do COAG de data 30/07/2021, cun orzamento de execución material de 1.419.092,88 €.

As actuacións consistirán na construción de nave comercial de dous plantas e baixo cuberta (B+1+BC) para supermercado cunha ocupación en planta de .719,21 m², altura máxima de 9,16 metros, e unha superficie construída total de 3.562,96 m². A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza D do Plan Parcial do SUNP-37, 1º sector de Costa Vella.

5. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: F/2021/4590.

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 278.804,05 euros en concepto de "Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arborado urbano do Concello de Santiago de Compostela",

correspondente ao mes de agosto, emitida por Cespa, Compañía Española de Servicios Públicos y Auxiliares.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047917C.

Rectificación do acordo do 15 de novembro de 2021 relativo a cambio titularidade do local nº 9 do local da Rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadá).

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar o cambio de titularidade do contrato de alugamento do local nº 9 do local da Rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadá).

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00038093V.

Adxudicación do contrato que ten por obxecto a “Subministración de 70 colectores de carga lateral de 2.000 litros e 100 colectores de carga traseira de 120 litros para a recollida selectiva de biorresiduos no Concello de Santiago de Compostela”.

Acórdase adxudicar o contrato que ten por obxecto a “Subministración de 70 colectores de carga lateral de 2.000 litros e 100 colectores de carga traseira de 120 litros para a recollida selectiva de biorresiduos no Concello de Santiago de Compostela”, ás empresas seguintes ó ser a máis vantaxosa das presentadas:

☑ ROTOTANK, SL, no lote I que presenta unha oferta por importe de **52.429,30 €** (base imponible: 43.330 € e IVE: 9.099,30 €), oferta unha redución do prazo de entrega de 15 días e comprométese a subcontratar a rotulación de colectores.

☑ CONTENUR, SL, no lote II que presenta unha oferta por 5.953,20 € (base imponible: 4.920,00 € e IVE: 1.033,20 €), oferta unha redución do prazo de entrega de 15 días e comprométese a subcontratar a rotulación de colectores.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 020 16210 6230001 2021 3 RESID 53 3. O financiamento desta actuación forma parte das axudas en materia de residuos de competencia municipal cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.

8. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00011309M.

Desestimación do recurso de reposición interposto contra o acordo da xunta de goberno da cidade de Santiago de Compostela de data 11 de maio de 2021.

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela de data 11 de maio de 2021 polo que se lle desestimaba a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante na contorna da Catedral de Santiago, en base aos fundamentos xuridicos expostos, confirmando así o mencionado acordo.

9. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00011322H.

Desestimación do recurso de reposición interposto contra o acordo da xunta de goberno da cidade de Santiago de Compostela de data 11 de maio de 2021.

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela de data 11 de maio de 2021 polo que se lle desestimaba a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante na contorna da Catedral de Santiago, en base aos fundamentos xuridicos expostos, confirmando así o mencionado acordo.

10. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00012385T.

Desestimación do recurso de reposición interposto contra o acordo da xunta de goberno da cidade de Santiago de Compostela de data 11 de maio de 2021.

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela de data 11 de maio de 2021 polo que se lle desestimaba

a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante na contorna da Catedral de Santiago, en base aos fundamentos xuridicos expostos, confirmando así o mencionado acordo.

11. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00011295Z.

Desestimación do recurso de reposición interposto contra o acordo da xunta de goberno da cidade de Santiago de Compostela de data 11 de maio de 2021.

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela de data 11 de maio de 2021 polo que se lle desestimaba a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante na contorna da Catedral de Santiago, en base aos fundamentos xuridicos expostos, confirmando así o mencionado acordo.

12. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00011271J.

Desestimación do recurso de reposición interposto contra o acordo da xunta de goberno da cidade de Santiago de Compostela de data 11 de maio de 2021.

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela de data 11 de maio de 2021 polo que se lle desestimaba a solicitude de instalación dun posto de venda ambulante na contorna da Catedral de Santiago, en base aos fundamentos xuridicos expostos, confirmando así o mencionado acordo.

13. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2021/00043189F. Recoñecemento da obriga en favor da C.PP. García Lorca 10 Bloque 11 da subvención correspondente á convocatoria de subvencións de data 19 de outubro de 2018 relativas á Fase 1 da área de rehabilitación integral do barrio de Vite.

Apróbase definitivamente a subvención e recoñecese a obriga de pagamento en favor da interesada, con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800000/2021, polo importe xustificado de **25.735,04 euros**.

A cantidade anterior distribuirase, segundo cota de participación, entre os perceptores comuneiros que teñen acreditada a totalidade dos requisitos esixidos aos beneficiarios.

14. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2021/00046465V. Aprobación definitiva da subvención solicitada por C.PP. Samos 7 correspondente á convocatoria de subvencións de data 19 de outubro de 2018 relativas ás Fases 4 (remanente de convocatoria 2016) e 4 da área de rehabilitación integral dos grupos de vivendas “Compostela e Cardeal Quiroga Palacios” do barrio de Pontepedriña.

Apróbase definitivamente a subvención e recoñecese a obriga de pagamento en favor da interesada, con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800000/2021, polo importe xustificado de **26.906,49 euros**.

A cantidade anterior distribuirase, segundo cota de participación, entre os perceptores comuneiros que teñen acreditada a totalidade dos requisitos esixidos aos beneficiarios.

15. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/00052284V.

Aprobación do procedemento de alta e acceso no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes e do programa de conciliación de Nadal no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes.

Acórdase:

- 1.- Aprobar o procedemento de alta e acceso no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes.
- 2.- Aprobar o procedemento de inscrición para o programa de conciliación de Nadal no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes.
- 3.- Aprobar a gratuidade do programa.

16. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/00051980N.

Aprobación da memoria e da gratuidade do programa municipal de conciliación de Nadal 2021.

Acórdase:

1.- Aprobado a Memoria do programa municipal de conciliación de Nadal 2021, que terá lugar os días 22, 23, 24, 27, 28, 29, 30 e 31 de decembro de 2021 e o 3, 4, 5, e 7 de xaneiro de 2022 nas instalacións do CEIP Monte dos Postes e CEIP Quiroga Palacios, de acordo coas características recollidas no Informe.

2.- Aprobado a gratuidade do programa municipal de conciliación de Nadal 2021, nos termos que se recollen neste informe e na memoria económica.

17. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00019234H.

Aprobado a xustificación do convenio de colaboración asinado o 30 DE XULLO DE 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN FONTE DA VIRXE DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS ano 2021, pola contía de TRES MIL QUINIENTOS EUROS (3.500,00 €).

Apróbese a xustificación do convenio de colaboración asinado o 30 DE XULLO DE 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN FONTE DA VIRXE DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS ano 2021, pola contía de TRES MIL QUINIENTOS EUROS (3.500,00 €) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800003/2021 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33).

18. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00034329W.

Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA de data 05/11/2021 para o financiamento do PROGRAMA DE ATENCIÓN BUCODENTAL A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL”.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA de data 05/11/2021 para o financiamento do “PROGRAMA DE ATENCIÓN BUCODENTAL A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL”, por un importe de 10.000 euros.

19. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022338V.

Dar conta da sinatura do convenio coa Asociación Cultural Cidade Vella para o ano 2021.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural Cidade Vella, de data 12/11/2021 por un importe de 20.000 euros.

20. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022326M.

Dar conta da sinatura do convenio cos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela 2021.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e “Cursos Universitarios Internacionais Música en Compostela”, de data 15/11/2021 por un importe de 5.000 euros.

21. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00032191A.

Dar conta da sinatura do convenio coa Fundación Gonzalo Torrente Ballester para o ano 2021.

Tómase coñecemento da sinatura do convenio Fundación Gonzalo Torrente Ballester, e proceder a efectuar a transferencia correspondente ao 2020, por importe de 10.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890201.

22. COMERCIO. Referencia: 2021/00026644E.

Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro.

Tómase coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro cunha achega de 31.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890001.

23. COMERCIO. Referencia: 2021/00046886R.

Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central para o desenvolvemento dun programa de dinamización comercial na anualidade 2021.

Tómase coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central para o desenvolvemento dun programa de dinamización comercial na anualidade 2021, cunha achega de 30.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890004.

24. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00052271G.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 12 ao 18 de novembro de 2021.

URXENCIAS

25. Informe proposta nº 1036/2021 JMA-TFT sobre resolución de reclamacións presentadas contra a resolución acordada no 17-09-2021, e sobre resolución de incidencias, e como consecuencia do anterior, da rectificación da resolución definitiva da convocatoria da xgl do 17/09/2021 sobre bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado de centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do concello de santiago de compostela, para o curso 2021/2022. marxinal accede: 100010.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar a resolución favorable de 11 dos recursos de reposición e reclamación contra a resolución definitiva da convocatoria.

SEGUNDO.- Aprobar a resolución desfavorable de catro dos recursos de reposición e reclamación contra a resolución definitiva da convocatoria.

TERCEIRO.- Aprobar as renuncias ás bolsas de comedor e/ou actividades presentadas por dez persoas usuarias.

CUARTO.- Aprobar as solicitudes de cambio de centro escolar presentadas por 3 persoas usuarias.

QUINTO.- Que os puntos PRIMEIRO, SEGUNDO, TERCEIRO E CUARTO de dita resolución deberán ser notificados ás persoas interesadas consonte ao establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEXTO.- Aprobar a rectificación da resolución da XGL do 17/09/2021 da convocatoria para a concesión de bolsas de comedor (por escaseza de recursos e por conciliación), adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2021-2022, conforme ao listado que se presenta.

SÉPTIMO.- Que a convocatoria, que non supera o crédito dispoñible para a mesma, queda totalizada en **643.195,30 euros** (255.472,8 na anualidade 2021; e 387.722,5 na anualidade 2022)

- Comedor: 533.755,3 euros (212.047,8 na anualidade 2021; e 321.707,5 na anualidade 2022)
- Activadaes: 100.980 euros (34.965 na anualidade 2021; e 100.980 na anualidade 2022)
- Material: 8.460 euros (0 euros na anualidade 2021; e 8.460 na anualidade 2022)

O crédito dispoñible é de 651.000 euros (257.800 na RC de 2021 e 393.120 na RC de 2022)

26. Prórroga das autorización e venda ambulante de artesanía ata o 12 de decembro de 2021.

Acórdase:

Prorrogar as autorización de venda ambulante de artesanía, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 23.08.2021, ata o **12 de decembro de 2021**, coa obriga por parte dos autorizados de manter o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases para o exercicio da actividade